


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

14 – 15 de agosto do 2021

XX DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO E FESTA DA ASUNCIÓN DE SANTA MARÍA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 n° 95 *Xa nos tes aquí*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración na que queremos honrar á nosa Señora, Santa María. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Outros anos celebrabamos esta festa uníndonos todos os que formamos a comunidade de Os Cotos para compartir a misa e a mesa na Chan da Cavada. Este ano non pode ser por causa das normas sanitarias e a responsabilidade que todos temos de coidarnos e coidar aos outros.

Aínda así, queremos honrar a Santa María, nai de Xesús e nai nosa, en cada unha das parroquias sentindo a unidade de todos os que formamos Os Cotos e pedíndolle que sexa Ela a que hoxe nos faga sentir como unha gran familia na que todos somos necesarios e ninguén está de máis.

Así, unidos na fe e no amor, confiando na Nai María, comezamos a celebración na que compartimos a mesa do pan de Xesús que nos fai membros da gran familia de fillos de Deus.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A vida de Santa María demostranos que vale a pena achegarse a todas as persoas dende a actitude do compartir canseiras e triunfos.*

A Unidade Pastoral de Os Cotos segue a necesitar de todos nós e dos nosos compromisos, que da man de Santa María agora todos renovamos:

Monitor/a:

➤ Comprometémonos a colaborar con Xesús, como facía a súa nai, estando á beira de quen precisa dos demais?

SI COMPROMETÉMONOS

➤ Comprometémonos a estar atentos ás necesidades da nosa familia, como María estaba atenta aos seus?

SI COMPROMETÉMONOS

➤ Comprometémonos a camiñar da man de María como igrexa dando vida a este fogar da comunidade de Os Cotos?

SI COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que formamos a Unidade Pastoral de Os Cotos, a todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración pedíndolle a Deus que escoite todo aquilo que cada un de nós ten no seu corazón nestes momentos e darlle as grazas por darnos a María como Nai de todos.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, ti elevaches á gloria do ceo en corpo e alma a Santa María, Nai do teu Fillo. Concédenos vivir cos ollos postos nos bens eternos, para que así merezamos participar con ela na Gloria. Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: San Paulo anímanos para que teñamos esperanza sabendo que Cristo abriunos o camiño da vida.

No Evanxeo, María visita a Isabel para acompañala nos momentos difíciles que estaba a vivir e dá grazas a Deus por elixila para ser a nai de Xesús.

**LECTURA DA PRIMEIRA CARTA
AOS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

Cristo resucitou dos mortos, como primicia dos que dormen. Porque xa que por un home entrou a morte, tamén por un home chegou a resurrección dos mortos. Igual que todos morren por Adán, así tamén por Cristo todos revivirán. Pero cada un no seu intre: primeiro, Cristo; logo, no Día da súa Vinda, os que sexan de Cristo; despois será a fin, cando lle entregue o Reino a Deus Pai, unha vez destruído todo Principado, toda Potestade e toda Dominación. Porque é necesario que El reine ata que poña a todos os seus inimigos por debaixo dos seus pés. A morte será o derradeiro inimigo destruído, pois "todo o puxo por debaixo dos seus pés".

Palabra do Señor

♪ 50 *Na tardiña baixa da vida* **SALMO**

(en pé) *Leccionario III páx* Lc 1, 39-56 **EVANXEO**

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO LUCAS**

Daquela María saíu con moita présa camiño da montaña, a unha vila de Xudá. Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel.

E en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre.

Entón, chea do Espírito Santo, exclamou Isabel, a grandes voces:

- Bendita ti entre as mulleres e bendito o froito do teu ventre. Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? Pois ao que chegou o teu saúdo aos meus oídos, brincou de alegría a criatura no meu ventre. ¡Ditosa ti que criches que se cumpriría canto che anunciaron de parte do Señor!

Entón María exclamou:

A miña alma proclama a grandeza do Señor, e alégrase o meu espírito en Deus, o meu Salvador, porque reparou na súa humilde escraviña.

Velaí: desde agora todas as xeracións me van felicitar.

¡Marabillas o Poderoso fixo en min!

O seu nome é Santo;

a súa misericordia chega xeración tras xeración a todos os que o temen.

Manifesta o poder do seu brazo, desbaratando os plans dos soberbios.

Derruba do seu trono aos poderosos, e fai subir aos humildes; aos famentos éncheos de bens, e aos ricos despídeos baleiros.

Ampara a Israel, o seu Servidor, lembrándose da súa misericordia,

conforme prometera a nosos pais,
en favor de Abraham
e da súa descendencia para sempre.

María permaneceu con ela tres meses, e logo volveuse
para a súa casa.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller
a palabra no corazón



(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial queremos
como comunidade renovar a nosa fe, queremos
como Santa María fiarnos de Deus, proclamar a
grandeza do Señor e alegrarnos en Deus o noso
Salvador. Dicimos

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a:

Credes en Deus Pai,
que nos creou á súa imaxe e semellanza, e que nos dá en
Santa María unha man que nos achega ao ceo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús,
o seu fillo benquerido, que nos dá a María como nai e
exemplo de achegamento aos necesitados?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,
que nos guía como comunidade que peregrina cara o
Reino do ceo onde María é Raíña?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa que entre todos facemos crible e
viva cando rachamos as fronteiras, cando compartimos
cos veciños e veciñas, e cando coidamos a terra e a
natureza que nos rodea?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Rezamos en familia e pomos nas mans de Deus os nosos mellores desexos para esta comunidade na que vivimos. Rezamos:*

SANTA MARÍA INTERCEDE POR NÓS.

Monitor/a:

- ✓ Pedimos pola Unidade Pastoral de Os Cotos, para que nas palabras e nos feitos medremos como comunidade, oremos
- ✓ Pedimos polas persoas que dan unha man en Cáritas, e sobre todo na nosa Cáritas Interparroquial de Os Cotos, oremos.
- ✓ Pedimos polas persoas maiores das nosas parroquias, para que sempre sintan o agradecemento que nos merecen as súas vidas, oremos
- ✓ Hoxe que celebramos a fe na nosa Nai, pedimos por todos os nenos e nenas da nosa comunidade de Os Cotos, oremos
- ✓ E pedimos tamén por todas as persoas que hoxe non poden acompañarnos, oremos

Celebrante: *Señor, escoita as nosas pregarías neste día en que honramos a María e fai que saibamos imitala no seu estar atenta as necesidades dos outros, compartindo con eles canseiras e triunfos. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *A oración do Noso Pai fainos sentir sempre como familia que vive a unión con Deus, e hoxe sentimos máis cerca a tenrura da Nai María. Por iso rezamos cunha soa voz:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *María estaba atenta as necesidades dos que estaban cerca dela para acollelos e axudalos. Aprendamos nós a preocuparnos por todos os que formamos esta comunidade nestes momentos de pandemia e dificultade, sendo coidadosos con nós, con todos e con todo.*

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa da Eucaristía é anticipo da mesa do Reino, participar nela é querer vivir dando unha man a quen a necesita. Hoxe sentímonos gozosos por celebrar esta festa da Nosa Nai María que nos deu exemplo.*

Ditosos nós que hoxe somos convidados a esta mesa do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar



nº 98

Esa é María

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Rogámosche, Señor, que pola intercesión da benaventurada Santa María, que hoxe subiu ao ceo, nos fagas chegar a todos nós á gloria da Resurrección. Pedímolo por Xesucristo, noso Señor, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

Deus, por medio do seu fillo nacido de María, redimiu ao mundo. Que El nos enriqueza coa súa bendición.

Por María recibimos ao autor da vida. Que sintamos sempre e en todo lugar a súa protección de nai.

Viñemos celebrar con devoción a festa de Santa María. Que o Señor nos encha cos gozos do Espírito e cos dons da vida eterna.

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor, por intercesión de Santa María
nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***

Avísase das misas (ver folla do mes).



“Bendita ti entre todas as mulleres porque criches todo canto che anunciaron de parte do Señor”

Palabras do evanxeo de hoxe.